

1. INTRODUCCIÓN. CARACTERÍSTICAS DA POESÍA ÉPICA:


A épica é un xénero poético de estilo elevado e de carácter narrativo, que celebra as orixes míticas dun pobo ou que canta as fazañas e aventuras de heroes, que representan os ideais e as tradicións dese pobo. Eses heroes a miúdo ven alterado o seu rumbo pola intervención de forzas sobrenaturais (deuses, destino).

Situamos as orixes da épica occidental nas obras de Homero, na *Ilíada* e na *Odisea*, una épica heroica, baseada na tradición oral e cuxa linguaxe é formular e repetitiva. A épica latina debe ser entendida como unha continuación da épica grega por varias razóns: Homero asentou unhas características ben definidas para este xénero literario e a primeira epopea latina, a *Odusia* de Livio Andronico, parece unha tradución, aínda que non literal, da *Odisea* de Homero. Porén, a épica latina, a diferenza da épica grega, é unha épica culta, é dicir, non ten orixe oral, senón escrita: as epopeas latinas son o produto da vontade dun poeta, que escolle un tema e conscientemente decide como presentalo ao seu público.

A épica latina comparte coa grega as seguintes características:

- Nos versos iniciais e ás veces noutros momentos da obra o poeta invoca á Musa para que lle conceda a inspiración necesaria para compoñer a súa epopea.
- O verso empregado é o hexámetro dactílico (verso composto por seis pés e cuxo ritmo básico é o dáctilo, metro composto por unha sílaba longa seguida de dúas breves)¹.
- O estilo é solemne.
- Os personaxes son elevados: heroes, reis, deuses e deusas...

¹ Preséntase a continuación o esquema do hexámetro dactílico. Todos os pés poden aparecer como dáctilos ou como espondeos (dúas sílabas longas), agás o 5º pé, que sempre ten que ser un dáctilo. O sexto pé está composto unicamente por dúas sílabas e a última pode ser, indistintamente, longa ou breve.



- Os deuses e outros seres extraordinarios interveñen na acción. As súas intervencións son reflexo da mentalidade precientífica reinante no momento no que xurdiu a épica popular.

- O ton é grandilocuente.

- Úsanse epítetos estereotipados (por exemplo, Eneas a miúdo aparece mencionado como *pius Aeneas*, “o pío Eneas”, ou como *pater Aeneas*, “o pai Eneas”).

- Hai escenas típicas: descrición dun heroe vestíndose, unha écfrase (descrición minuciosa dun obxecto), o descenso dun heroe ao mundo dos mortos (= catábase), asambleas de deuses... É obvio, pois, que a épica romana está influenciada pola grega, por autores como Homero, Hesíodo ou Apolonio de Rodas e as súas *Argonáuticas*.

2. CRONOLOXÍA DA ÉPICA EN ROMA:

a) Épica arcaica (anterior ao século I a.C.):

Das obras que se comentan a continuación só conservamos versos soltos e fragmentos.

- Livio Andronico (284-204 a.C.): era de orixe grega e foi capturado polos romanos en Tarento, cidade da Magna Grecia, no ano 272 a.C. Traduciu ao latín de forma libre a *Odisea* de Homero e titulou o seu poema *Odusia*. O seu texto está considerado o primeiro poema épico da literatura latina.

- Cneo Nevio (275-201 a.C.): é o autor do poema *Bellum Punicum*, onde canta un tema histórico, os enfrontamentos da primeira Guerra Púnica², na que o propio autor participou como combatente. Fai derivar este conflito de causas mitolóxicas: fuxida de Eneas de Troia, posible estancia en Cartago, historia de amor con Dido... Considérase a Nevio o pai da épica nacional romana, dado que foi o primeiro poeta que creou unha epopea de temática romana.

- Ennio (239-169 a.C.): compuxo os *Annales*, un extenso poema en 18 libros no que narraba a historia de Roma desde as súas orixes ata o ano 171 a.C. A súa gran aportación foi a introdución do hexámetro dactílico no cultivo dos temas épicos, que substituíu ao saturnio, verso usado por Livio Andronico e por Nevio.

² Durante as Guerras Púnicas enfrontáronse Roma e Cartago. Houbo tres e a primeira tivo lugar entre o ano 264 e o 241 a.C.

b) **Épica augustea** (s. I. a.C.): a esta época pertence a *Eneida* de Virxilio e as *Metamorfoses* de Ovidio. As *Metamorfoses* son un poema épico no que se entrelazan máis de 200 mitos, cuxos personaxes acaban transformados en elementos naturais (árbores, flores, animais, pedras...).

c) **Épica imperial** (s. I d.C.):

- Lucano: naceu en Corduba, Hispania. Escribiu a *Farsalia*, poema no que narra o enfrontamento armado entre César e Pompeio. A súa obra rompe cos moldes clásicos da épica grecolatina, pois os deuses non interveñen na acción.

- Silio Itálico: no seu poema *Punica* canta os enfrontamentos entre Roma e Cartago durante a segunda Guerra Púnica (desde o asedio de Sagunto ata a batalla de Zama: 218 a.C.-201 a.C.).

- Valerio Flaco: é o autor da *Argonáutica*, epopea na que se relata a expedición de Xasón e os Argonautas na nave Argo ata a Cólquide para conseguir o vélaro de ouro, e a historia de amor entre Xasón e a princesa e maga Medea.


- Estacio: é o autor da *Tebaida*, que relata a lenda dos Sete contra Tebas (seis caudillos que apoiaron a Polinices para reclamarlle o trono de Tebas ao seu irmán Eteocles; os dous eran fillos de Edipo), e da *Aquileida*, poema que non rematou e que se centra na xuventude do heroe Aquiles.

3. VIRXILIO E A *ENEIDA*:

Publio Virxilio Marón (71-19 a.C.) naceu preto de Mantua e estudou en Cremona, Milán e Roma. Foi un personaxe distinguido na corte do emperador Augusto e contou coa protección de Caio Mecenas³. A morte sorprendeuno en Bríndisi, cando volvía dunha viaxe de Grecia, a onde fora para coñecer algúns lugares nos que transcorrían certos episodios da *Eneida*. Cando a Virxilio o asaltou a morte, a súa epopea non estaba totalmente revisada e non alcanzara o grao de perfección que o poeta buscaba, de modo que pediu que a queimasen. Porén, dous dos seus amigos (Vario e Tuca) foron os encargados de editala, aínda que non a retocaron.

³ Deste personaxe provén o termo “mecenas” aplicado á persoa que protexe e estimula as letras e as artes.

O seu principal poema é a *Eneida*, epopea que narra as aventuras de Eneas, héroe troiano, fillo de Anquises e da deusa Venus, desde a súa saída de Troia, no momento no que a cidade caeu en mans dos gregos, ata a súa chegada ás costas itálicas. Una vez alí, narra as alianzas e combates que sostén cos habitantes do Lacio ata conseguir a victoria e o matrimonio con Lavinia, filla do rei Latino. Así pois, Eneas cumpre a súa misión de fundar unha nova Troia e unha nova estirpe: a do pobo romano.



A *Eneida* era a epopea nacional dos romanos. Foi un encargo do emperador Augusto. O seu obxectivo era ensalzar ao propio emperador e a súa familia, a *gens Iulia*, que popularmente se facía remontar a Xulo (*Iulus*), fillo do heroe Eneas e neto da deusa Venus. Deste modo, Augusto considerábase descendente dunha divindade.

A *Eneida* componse de case 10 mil hexámetros dactílicos divididos en doce libros:

- Os seis primeiros narran as peripecias de Eneas ata alcanzar as costas de Cartago. É obvio que están inspirados na *Odisea*, porque conteñen naufraxios, tempestades, estancias en diversas terras, relatos autobiográficos, lances amorosos, unha baixada aos infernos (é dicir, unha catábase), encontros con monstros como o Cíclope ou Escila e Caribdis...

- Os seis últimos libros relatan os enfrontamentos en terras itálicas ata lograr a conquista do Lacio e a man de Lavinia. Recordan ao contexto bélico da *Ilíada*: duelos singulares, guerreiros que se arman minuciosamente...

Ademais de estar **influenciado** por Homero, na obra de Virxilio tamén se detecta a influencia do poeta helenístico Apolonio de Rodas, cuxa historia de amor de Xasón e Medea foi modelo para a de Eneas e Dido; e dos poetas alexandrinos⁴ e neotéricos⁵, que se preocupaban pola erudición e a perfección formal das súas obras.

A diferenza de Homero, Virxilio céntrase máis nas emocións e na psicología dos personaxes.

Entre as figuras máis importantes están:

- Eneas: é o protagonista. É fillo da deusa Venus e do mortal Anquises. Participa na *Ilíada*, aínda que alí non ten tal relevancia. O Eneas de Virxilio é un heroe distinto aos heroes homéricos. É un desterrado, tivo que abandonar a súa patria, Troia, por culpa da guerra. A noite na que os gregos toman a cidadela, él parte con seu pai ao lombo, co seu fillo e cos deuses familiares, os penates. Desde este mesmo momento xa se está representando a principal característica de Eneas, a súa *pietas*. A súa vida está marcada pola misión que teñen preparada para el os deuses: fundar unha nova cidade no Lacio que será importante para a prosperidade futura da raza humana. A súa aventura e as súas decisións están totalmente marcadas polo destino (*fatum*). Poderíase dicir que Eneas representa as virtudes que alababa un romano da época augustea.

- Dido: é a raíña de Cartago. Na súa viaxe marítima entre Troia e o Lacio, Eneas chega ás costas de Cartago e Dido namórase perdidamente del. A súa aparición na epopea queda circunscrita á primeira parte da obra e moi especialmente ao libro IV, no que se describen os seus sentimentos cara Eneas, o encontro amoroso entre os dous amantes, e o abandono que sofre Dido cando Eneas se alonxa das costas de Cartago para seguir coa súa misión: alcanzar as costas do Lacio. A decisión de Eneas desencadea o suicidio de Dido.

- Turno: é o principal rival de Eneas. É un dos personaxes principais na segunda parte da obra. Destaca pola súa violencia, arrogancia e falta de moderación. É o asasino de Palante, fillo de Evandro, rei aliado de Eneas. Turno, despois de darlle morte a Palante, róuballe o seu cinturón. No duelo final entre Eneas e Turno este cinturón cobra relevancia. Cuando Eneas o ve, non accede ás súplicas do seu rival e acaba coa súa vida.

- Ascanio ou Xulo: é o fillo de Eneas.

- Euríalo, Palante, Lauso: son os mozos máis destacables e morren na flor da vida.

⁴ Os poetas alexandrinos son os que desenvolveron a súa actividade durante a época helenística (ss. IV-III a.C.) en torno ao centro cultural de Alexandría. Escribían en grego.

⁵ Os poetas neotéricos son latinos (s. I a.C.) e inspiráronse nos alexandrinos. O máis famoso foi Catulo.

- Evandro, Latino, Anquises: son anciáns, representados como personaxes reflexivos e serenos. As súas experiencias serven para aconsellar aos mozos y aos homes maduros.

- As divindades: desempeñan un papel importante na trama. Virxilio sente especial respecto por Xúpiter, o deus supremo, que parece ter nas súas mans as rendas do futuro de Roma. Outras divindades relevantes son Xuno, Venus, Minerva e Neptuno. Xuno é a gran inimiga dos troianos (porque o príncipe troiano Paris non a escollera como a deusa máis fermosa no mito do xuízo de Paris⁶); e Venus é a protectora dos troianos. Ademais, na obra están continuamente presentes outras divindades menores, como os penates.

A **técnica narrativa** de Virxilio é moi actual. Non presenta os feitos en orde cronolóxico, senón que a miúdo se presentan sucesos anteriores e posteriores á trama principal. Así, no libro II Eneas cóntalle á raíña Dido e a outros cartaxineses, que se encontran no palacio, a caída de Troia: o engano do cabalo de madeira, a aparición dos gregos durante a noite e a súa fuxida; e no libro VIII, a través da descrición do escudo que Vulcano forxa para Eneas, descríbense feitos da historia recente de Roma, tal como a batalla de Accio, na que Octavio (que se convertirá no emperador Augusto) derrotou a Marco Antonio.

A *Eneida* representa o **estilo** máis sublime e elevado da obra de Virxilio, e caracterízase polo uso de recursos propios da épica (símiles, discursos, écfrase, arcaísmos...). Nela a linguaxe poética alcanza unha perfección incomparable, o que a converte nunha das mellores obras da literatura latina e da literatura universal.

A *Eneida* foi unha obra muy apreciada na súa época e posteriormente. Fixáronse nela literatos da talla de Dante, quen realiza unha homenaxe a Virxilio na primeira parte da *Divina Comedia*, converténdoo no seu guía a través do Infierno e do Purgatorio ata as portas do Paraíso. Tamén exerceu unha importante influencia sobre o humanista italiano Petrarca, quen se inspirou na *Eneida* para compoñer o seu poema épico *Africa*. Esta obra, que contaba feitos da Segunda Guerra Púnica está sen rematar.

3.1. Argumento de la *Eneida*:

Tras anos vagando polo mar, Eneas e os seus compañeiros vense obrigados, debido a unha terrible tormenta provocada por Neptuno por petición da deusa Xuno, a fondear nas costas de África. Aquí son recibidos amablemente pola raíña Dido. Ela ofrécelles un suntuoso banquete

⁶ Este mito non se relata na *Eneida*.

e pídelles a Eneas que lle conte a súa historia. É entón cando Eneas relata a caída de Troia e a súa partida co seu pai Anquises, o seu fillo Ascanio e outros superviventes. El debe cumprir unha misión que lle teñen reservada os deuses: fundar unha nova Troia no Lacio. Narra, a continuación, a súa viaxe desde Troia a Cartago: o seu paso por Tracia, Delos, Creta, a illa das harpías (monstruos con rostro de muller e corpo de ave), o Epiro (onde se encontra con Andrómaca, esposa do troiano Héctor, que fora levada a estas terras como escrava), a illa dos Cíclopes, a parada en Drépano (onde morre seu pai).

Mentres Eneas se atopa na corte de Dido, Venus e Eros fan que a raíña se namore perdidamente del. El chega a correspondela, pero Xúpiter recórdalle a súa misión. Eneas, entón, obedece ao deus supremo e abandona a Dido. Como consecuencia, ela suicídase e xura eterna enemistade entre Cartago e os descendentes de Eneas.

Os troianos volven a pasar por Sicilia e aproveitan para facer sacrificios e celebrar uns xogos en honor a Anquises. Despois de que Xuno provocase que parte das naves troianas fosen queimadas, en Sicilia quedan algúns troianos que fundan a cidade de Acestes (hoxe Segesta).

Eneas segue a súa viaxe e chega a Cumas onde, acompañado da Sibila, descende ao inframundo. Alí encóntrase con antigos compañeiros (como Deífobo, morto en Troia, ou Palinuro, piloto dunha nave de Eneas que caera ao mar durante a noite), con Dido e con seu pai Anquises, que lle mostra a Eneas os futuros heroes romanos (como César e Augusto) e lle dá valor para continuar coa súa misión.

Finalmente, Eneas chega ao Lacio. O rei Latino recíbeo con hospitalidade e dálle a súa filla Lavinia en matrimonio. Estoupa entón unha guerra, pois a moza xa estaba comprometida con Turno, rei dos rútuos (outro pobo do Lacio). Eneas pide axuda ao rei Evandro, que lle proporciona un exército encabezado polo seu propio fillo Palante. Pola súa parte, a deusa Venus protexe ao seu fillo proporcionándolle unha armadura realizada por Vulcano e decorada con eventos futuros da historia de Roma (por exemplo, coa batalla de Accio, ano 31 a.C.).

Os libros X, XI y XII céntranse nos enfrontamentos entre os troianos e o exército de Turno e os seus respectivos aliados. En ambos bandos se producen perdas importantes, ata o punto de que se establece una tregua para que cada bando enterre aos seus caídos. O conflito finaliza cun duelo individual entre Turno y Eneas, no que Eneas sae vencedor.